

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 3 DE MAIO DE 2007.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. Xosé María Rivera Arnos.

Asistentes:

D. Xosé María Permuy Martínez.
D. Andrés González Vizoso.
D^a Alicia Martínez González.
D. Xosé Anxo González Tomé.
D. Manuel V. Pico Sanmartín.
D^a Rita María Couto Seijido.
D. José Iván Puentes Rivera.
D. Manuel A. Rodríguez Carballeira,
D^a Carmen Goti Ramil.
D. Carlos García Bermúdez.
D. Jorge Luis Yáñez Fernández.
D^a Isabel Blanco Pico
D^a Elvira Amado López
D^a Amalia Malvar Fernández.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezoito horas e dous minutos do día tres de Maio de dous mil sete, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Xosé María Rivera Arnos, e coa asistencia dos/as Concelleiros/as Don Xosé María Permuy Martínez, Don Andrés González Vizoso, Dona Alicia Martínez González, Don Xosé Anxo González Tomé, Don Manuel V. Pico Sanmartín, Dona Rita María Couto Seijido, Don José Iván Puentes Rivera, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Dona Carmen Goti Ramil, Don Carlos García Bermúdez, Don Jorge Luis Yáñez Fernández, Dona Isabel Balnco Pico, Dona Elvira Amado López, Dona Amalia Malvar Fernández, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Interventora:

Non asiste á sesión, con escusa, a Interventora municipal, Dona Águeda Bello Valdés e actúa como secretaria Dona María del Pilar Acebes Ruano, secretaria accidental do Concello, que da fe do acto.

Secretaria:

D^a María del Pilar Acebes Ruano.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

1º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL, TRÁFICO E PROTECCIÓN CIVIL SOBRE ACORDO DA MESA DE NEGOCIACIÓN DO CONCELLO DE FENE SOBRE CONDICIÓNS DE TRABALLO, OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2007 E MELLORAS SOCIAIS.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal, Tráfico e Protección Civil de data 17 de Abril de 2007 que transcrito di:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL, TRÁFICO, POLICÍA E PROTECCIÓN CIVIL.-

A Comisión Informativa de Organización, Persoal, Tráfico e Protección Civil en data 17 de Abril de 2007 ditaminou o seguinte:

ACORDO DA MESA DE NEGOCIACIÓN DO CONCELLO DE FENE SOBRE CONDICIÓN DE TRABALLO, OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2007 E MELLORAS SOCIAIS.-

Dáse conta do Acordo da Mesa de Negociación do Concello de Fene de data 12 de Febreiro de 2007 sobre condicións de traballo, oferta de emprego público 2007 e melloras sociais que transcrito di:

“ACORDO DA MESA DE NEGOCIACIÓN DO CONCELLO DE FENE SOBRE CONDICIÓN DE TRABALLO, OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2007 E MELLORAS SOCIAIS.

Como culminación do proceso de negociación, os representantes do Concello de Fene e os das Organizacións Sindicais C.I.G e CC.OO. ACORDAN as seguintes medidas sobre condicións de postos de traballo, oferta de emprego público 2007 e melloras sociais:

1.- MODIFICACIÓN DOS ARTIGOS 3.1 E 3.3.1 DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓN DE TRABALLO DO PERSOAL Ó SERVICIO DO CONCELLO DE FENE.

As partes acordan modifica-los artigos 3.1 e 3.3.1 do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ó servicio do Concello de Fene, dándolles aos mesmos a seguinte redacción:

“Artigo 3.1.

Con carácter xeral, as vacacións retribuídas do persoal serán dun mes natural ou de vinte e dous días hábiles anuais por ano completo de servizo, ou en forma proporcional ao tempo de servizos efectivos disfrutándose polos empregados/as públicos de forma obligatoria dentro do ano natural ata o trinta e un de xaneiro do ano seguinte en períodos mínimos de cinco días hábiles consecutivos, sempre que os correspondentes servizos vacacionais sexan compatibles coas necesidades do servizo. A estes efectos os sábados non serán considerados días hábiles, agás que os horarios especiais establezan outra cousa.

No suposto de completar os anos de antigüidade na administración, terase dereito ao desfrute dos seguintes días de vacacións anuais:

- Quince anos de servizo: Vinte e tres días hábiles.
- Vinte anos de servizo: Vinte e catro días hábiles.
- Vinte e cinco anos de servizo: vinte e cinco días hábiles.
- Trinta anos de servizo: Vinte e seis días hábiles.

Este dereito farase efectivo a partir do ano natural seguinte ao cumprimento da antigüidade subliñada. No caso de baixa por maternidade, cando esta situación coincida co período vacacional, quedará interrompido o mesmo e poderá desfrutar as vacacións finalizado o período do permiso por maternidade.”

“Artigo 3.3.1

3.3.1.- O traballador, previo aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo, cond ereito a remuneración por algún dos motivos e polo tempo seguinte:

- Por matrimonio propio, o funcionario terá dereito a unha licenza retribuída de vinte días naturais, ininterrumpidos, podendo ser acumulados coas vacacións.
- Por matrimonio de parentes, pais, sogros, irmáns, cuñados, fillos, netos ou avós do interesado:
 - Un día se a voda se celebra a menos de 200 Km. De distancia.
 - Dous días se a voda se celebra a mais de 200 Km. De distancia.
 - Tres días se a voda se celebra a máis de 500 Km. De distancia.
- Por traslado de domicilio habitual: dous días.
- Para realizar funcións sindicais, de formación sindical ou de representación de persoal.
- Para concorrer a exames e demais probas de aptitude e avaliación en centros oficiais ou homologados durante o día da súa celebración.
- Por xestión e alumeamento, segundo o establecido na normativa vixente, en especial aquelas medidas que axuden a conciliar a vida persoal e laboral.
- Por nacemento, acollemento ou adopción o pai traballador poderá desfrutar dun permiso retribuído de cinco días laborais que se computarán desde a data de nacemento ou chegada ao fogar do adoptado/a.
- Por paternidade. O traballador terá dereito a un permiso de paternidade de oito días de duración ou dez se o parto é múltiple, que se computará desde o nacemento con independencia da situación laboral da nai. O devandito permiso será acumulable ao permiso de nacemento.
- O/a funcionario/a cun fillo menor de 12 meses terá dereito a unha hora diaria de ausencia do traballo. Este período de tempo poderá dividirse en dúas fraccións. Este dereito poderá substituírse por unha redución da xornada normal en media hora ao comezo e ao final da xornada, ou nunha hora ao final ou ao inicio da xornada coa mesma finalidade. Este dereito poderá ser exercido indistintamente polo pai ou pola nai, no caso de que ámbolos dous traballen. Este permiso de lactancia pode ser substituído por un permiso adicional de catro semanas.
- Permiso por adopción ou acollemento preadoptivo. Segundo o establecido na normativa vixente. Plan Concilia.
- Poderase conceder permiso polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inexcusable de carácter público ou persoal.
- Poderase dispoñer de ata nove días ao ano como máximo, de permiso por asuntos persoais sen xustificación, atendendo sempre ás necesidades do servizo.
- Por enfermidade grave, accidente, intervención cirúrxica ou falecemento dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade cinco días hábiles.
- Por enfermidade grave, accidente, intervención cirúrxica ou falecemento doutros familiares dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade dous días hábiles, sempre que o suceso se produza na mesma localidade, e catro se fosa fóra da localidade.
- Por falecemento dun familiar do terceiro grao de consanguinidade ou afinidade: o tempo indispensable para asistir ao enterro.
- En casos excepcionais de enfermidade de familiares ou persoas que convivan no domicilio do solicitante e afecten gravemente ao normal funcionamento da vida familiar, estudaranse os casos correspondentes, podéndose autorizar permisos, redución de xornadas en tanto non se soluciona a situación.

2.- CALENDARIO LABORAL 2007-04-18

As partes asinantes acordan establecer como días non laborais para o ano 2007 a efectos de facer pontes os que a seguido se relacionan:

- 30 de abril de 2007,

- 2 de novembro de 2007,
- 7 de decembro de 2007.

3.- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2007-04-18

As partes asinantes acordan incluír na oferta de emprego público para o ano 2007 a creación das seguintes prazas de funcionarios/as de carreira:

- 3 prazas de peóns.
- 1 praza de Auxiliar administrativo.

4.- REVISIÓN MELLORAS SOCIAIS

As partes asinantes acordan incrementar co I.P.C. o Plan de Xubilacións, Fondo Social e Pólizas de Seguros.

Polo Concello de Fene se impulsarán todas as medidas que resulten procedentes para dar efectivo cumprimento aos compromisos adquiridos neste acordo.” *Fene, 12 de febreiro de 2007. En representación do Concello: Asdo: andrés González Vizoso, Xosé a. González Tomé. Iván Puentes Rivera, Carmen Goti Ramil, M^o Isabel Blanco Pico e D. Manuel Sánchez Martínez. Polas Organizacións sindicais C.I.G. asdo. Francisco Fraga rodríguez, Roberto Sanjurjo Muíño e Marco a. Blanco Cachaza. Por CC.OO. Asdo. José Manuel Dobarro Gómez e Don Nicolás Castro Sánchez.”*

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización, Persoal, Tráfico, Policía e Protección Civil, por unanimidade acorda ditaminar favorablemente o Acordo da Mesa de Negociación do Concello de Fene sobre condicións de Traballo, Oferta de Emprego Público 2007 e Melloras Sociais transcrito e propoñer ao Pleno da Corporación a súa aprobación e tramitación correspondente.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. González Vizoso quen, unha vez concedido manifesta que se constituíu unha comisión de Persoal como se ven facendo tódolos anos e para negociar o convenio de 2007, hai un acordo unánime entre xunta de persoal mais a parte política e basicamente os acordos están resumidos en catro, primeiramente en canto á masa salarial se adapta á Lei de orzamentos do Estado e en canto ás melloras sociais, unha readaptación ao acordo regulador que está fixado para o persoal do concello. En canto á oferta pública se negociou unha oferta 2006-2007, créanse tres prazas de peón, dúas de administrativo, non se amortiza a praza de oficial enterrador e tampouco a praza da policía local e que vense cubrir. Por último están tamén as pontes que se veñen fixando puntualmente e se fixaron tres pontes que víñanse facendo con anterioridade, basicamente este é o acordo.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal, Tráfico, Policía e Protección Civil, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal, Tráfico, Policía e Protección Civil de data 17 de Abril de 2007 anteriormente transcrito.

2º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE CAMBEO DE FINALIDADE DO PRÉSTAMO CONCERTADO CO BCL NO EXERCIZO 2005.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 25 de Abril de 2007 que transcrito di:

Ditame da Comisión Informativa de Facenda, de 24/04/2006, de cambeo de finalidade do préstamo concertado có BCL no exercicio 2005.

A Comisión Informativa de Facenda, en votación ordinaria, por maioría de catro votos a favor (3 BNG, 1 PsdeG –PSOE) e 1 en contra (EU-IU), ditamina propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

“Cambeo de finalidade do préstamo concertado coa Entidade Banco de Crédito Local (BCL), no exercicio 2005, do seguinte xeito:

Primeiro.- Dar de baixa os créditos destinados as seguintes finalidades, polos importes que se indican:

Obra	Importe
Terreos obra trazado na CP 3503	65.318,18
Estación de Bombeo no Regueiro	21.000,00
Abastecemento auga nas vivendas sindicais de Perlío	13.203,59
Pavimentación e asfaltado do camiño de Castiñeiro (Maniños)	6.372,75
Total	105.894,52

Segundo.- Dar de alta:

Obra	Importe
Expropiación terreos para o Auditorio Municipal	105.894,52
Total	105.894,52

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Permy Martínez quen, unha vez concedido manifesta que o tema se tratou na comisión, que había un crédito sobrante do 2005 dunhas obras que ao final como a estación de bombeo do Regueiro quedaron en suspensión habida conta de que hai un plan da xunta para o tema de saneamento e o resto son sobrantes das partidas que estaban previstas e iso da un sobrante de 105 mil euros que corresponde á partida para ir á expropiación de terreos do próximo auditorio.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que como fixeron na comisión que votaron a favor no pleno tamén o farán fundamentalmente por dúas cousas, porque este cambio de finalidade de parte do crédito solicitado no ano 2005 permite obter case os 106 mil euros que fan falla para mercar os terreos para o auditorio municipal sen ter que recorrer a un novo crédito que supoña endebedar aínda mais a economía municipal e afondar aínda mais na débeda que ten este concello, polo tanto a solución para eles é a óptima, tirar duns cartos que xa estaban solicitados e ademais de que o partido socialista ten clarísimo cales teñen que ser as prioridades de inversión do Concello e o manifesta constantemente que son as de cubrir os servizos básicos dos veciños e veciñas, auga, alcantarillado, camiños e alumado, pero tamén é certo que quizás un peldaño mais abaixo pero si que despois desas necesidades básicas, eses obxectivos clarísimos que baixo o seu punto de vista ten que ter o Concello á hora de inverter os seus cartos, si que é certo que unha infraestrutura destas características, mais que un auditorio, un centro de usos múltiples, un pazo da cultura, como

se lle queira chamar, no que se poida desenvolver unha actividade cultural ao longo do ano que estea tamén a disposición das asociacións para que poidan facer os actos que estimen oportunos pois tamén é necesario, Fene é un concello que ten quince mil habitantes e a única instalación que ten dende que non está o cine Perla, é o salón de actos da Casa da Cultura que é claramente deficiente e non permite, a diferenza do que si que pasa nos concellos da comarca, ter unha estabilidade cultural regular non so aos veciños de Fene senón que ten que servir de reclamo e de atractivo para veciños do resto da comarca, polo tanto por eses dous motivos, por unha cuestión puramente económica de aforro, e tamén por unha necesidade que detectan que ten Fene, van votar a favor desta proposta.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Fornos Corral quen, unha vez concedido manifesta que o seu grupo oponse ao cambio de finalidade do préstamo, pensan que as obras para as que estaba destinado son moi necesarias para os veciños, xa nalgunha ocasión se manifestaron en contra da expropiación dos terreos para un auditorio ao lado da piscina e parécelles unha loucura que a un mes escaso das eleccións se siga hipotecando o Concello cunha inversión que non se pode asumir, por iso van votar en contra.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta a súa posición é sobradamente coñecida, eles o auditorio nin o viron nin o ven prioritario, o sentir que teñen da totalidade das asociacións de veciños tampouco o ven prioritario, cando menos así llo manifestaron e debido a esa serie de cousas van votar en contra, preferían que estes 18 millóns de pesetas se destinaran a obras e servizos básicos dos que está tan necesitado o Concello como pode ser auga, saneamento, alumeados públicos e reparación e mantemento de viais, hai unha cousa que tampouco lle gusta, que todo o mundo fala nos seus programas de fomentar a participación cidadá e cando se chegan a estas cousas, ponse nos papeis e logo non se cumpre, eles defenden esas cousas e si un cambio da situación se producira nun momento determinado cambiarían pero nestes momentos polo que lle manifestaron as diversas asociacións o ven igual que eles e van votar en contra.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez, quen unha vez concedido sinala que mais que nada quere aclarar o tema porque cre que hai uns conceptos erróneos ou que non se entenderon, que os 105 mil euros dos que se están a falar aquí non é ningún novo crédito nin é que se vai pedir unha nova operación de tesourería, é diñeiro que nun caso como a estación de bombeo de Regueiro non se vai facer porque a nova Xunta de Galicia por fin fai unha redacción como é debido e onde o Concello non vai aportar en principio nada, ese diñeiro se pode utilizar noutras cousas, o mesmo cos terreos do trazado das beirarrúas na zona dos institutos, que tamén é unha obra que vai facer a Deputación e queda sobrance, o mesmo que o diñeiro que sobrou da execución do abastecemento de auga ás vivendas sindicais de Perlio, está falando de que isto era tomar unha decisión, que ao mellor habería que falar si se pode facer en metelo todo en novos abastecementos de auga, camiños ou nun apartado que é adquirir unha parcela para o auditorio, aí poden entrar en política si están ou non de acordo coa decisión que ten neste caso tanto o BNG como o PSOE, o que lle parece demagogia é falar de que estase empeñando o concello, non é así, simplemente trátase de que había un diñeiro sobrance dun crédito e que ese diñeiro vaise utilizar en obras que se decidiron a maiores.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido sinala que estes 106 mil euros non é como dicía o PP, senón non estarían a favor, non son cartos que estean sacando de facer outras obras importantes e que eles sempre consideraron prioritarias, son cartos que se pediron no seu día para facer unhas obras e que sobraron do que se pediu no total no seu día, e había un acordo previo de adquirir os terreos do auditorio

municipal que lle constaban ao Concello 106 mil euros e para os que tería que ir a un crédito bancario e tería que hipotecarse e endebedarse mais, polo tanto parécelles moi positivo que en vez de solicitar un novo crédito se usen estes cartos que sobraron para mercar os terreos, outro debate é efectivamente o que abría o representante de EU, si están ou non a favor de que Fene teña ou non un edificio multiusos ou deste tipo, e mantén o dito, despois de necesidades básicas importantísimas como son as outras, evidentemente o Concello ten que facer mais cousas que camiños, auga e alcantarillados, aínda que iso ten que facelo por riba de todo, pero nun mesmo ano pódense compaxinar as dúas cousas e esta é unha das obras importantes e o partido socialista nesta lexislatura paralizou cos seus cinco votos neste pleno obras que non consideraban importantes como o museo do mar no peirao de Barallobre ou a compra da casa dos Adriano en Barallobre para facer o museo dos Indianos porque a eles non lles parecía prioritario para o concello de Fene e votaron en contra precisamente pola mesma razón que expoñía EU, que esta obra por debaixo desas necesidades básicas dos veciños si que lles parece importante e vital para o Concello de Fene tela por iso van votar a favor.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Fornos Corral quen, unha vez concedido manifesta que entón que se amortice a débeda que hai con ese diñeiro.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda, co seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12) dos/as señores/as Rivera Arnos, Permuy Martínez, Pico Sanmartín, González Vizoso, González Tomé, Martínez González, Couto Seijido, Puentes Rivera, Rodríguez Carballeira, Goti Ramil, García Bermúdez e Yáñez Fernández.

Votos en contra: cinco (5) dos/as señores/as Blanco Pico, Malvar Fernández, Fornos Corral, amado López e Sánchez Martínez.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 25 de Abril de 2007 anteriormente transcrito.

3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE MODIFICACIÓN DA BASE 46ª (TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES E CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS) DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 25 de Abril de 2007 que transcrito di:

“Ditame, da Comisión Informativa de Facenda de data 24 de abril de 2007, de modificación da Base 46ª (Tramitación das solicitudes e concesión das subvencions) de Execución do Orzamento

A Comisión Informativa de Facenda, en votación ordinaria, por maioría de cinco votos a favor (3 BNG, 1 PsdeG -PSOE e 1 EU-IU), ditamina propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

"1º.- Prestar aprobación inicial a modificación realizada na base de execución nº 46 no seguinte sentido:

- añadir o cadro de subvencions nominativas as seguintes:

Aplicación Orzamentaria	Beneficiario	Obxecto e finalidade	Importe
313.482.00	Solidariedade Galega co pobo Saharaui	Aportación anual proxecto vacacións en paz	2.500 €
313.482.00	Asociación de Sordos de Ferrol	Achega anual	800 €
313.482.00	A.S.P.A.N.E.S.	Achega anual	2.000 €
313.482.00	A.F.A.E.S. "Portanova"	Achega anual	1.000 €
313.482.00	Asociación exalcoholicos de Ferrol-Terra	Achega anual	600 €
451.482.00	Axencia de lectura S. Valentín	Achega anual	9.000 €

2º.- O acordo de aprobación requerirá o quorum esixido para a súa aprobación sendo de aplicación o establecido, con carácter xeral para os acordos das corporacións locais, no artigo 47.1 da lei 7/85, LRBRL, "adopción do acordo por maioría simple dos membros presentes, existindo tal maioría cando os votos afirmativos son mais que os negativos".

3º.- Que unha vez aprobada inicialmente, si procedera, pola Corporación, expoñerose ao publico –previo anuncio no BOP- por prazo de quince días hábiles durante o cal os interesados poderán examinalo e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes ante o Concello Pleno. A modificación entenderáse definitivamente aprobada si durante este periodo non se presentaran reclamacións, tal como dispoñen os artigos 169.1 do Rd legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. En caso contrario, o Concello Pleno disporá do prazo de un mes para resolve-las, entendendose éste contado a partires do día seguinte ao da finalización da exposición ao público; as reclamacións consideraranse denegadas en calquera caso si non se resolveran no acto de aprobación definitiva."

Aberto o debate, pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez quen, unha vez concedido manifesta que candos e aprobou o orzamento, dentro das bases de execución quedaron as subvencións que se dan anualmente, que non se contabilizaron e na comisión informativa anterior informaron de que era bo que estiveran nas bases de execución e polo tanto así o traen a pleno dentro das bases de execución como subvencións que se dan todos os anos.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 25 de Abril de 2007 anteriormente transcrito.

4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA SOBRE MOCIÓN CONXUNTA DO BNG, PSdeG-PSOE E EU-IU A PROL DUN DOMINIO GALEGO.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 25 de Abril de 2007 que transcrito di:

Ditame da Comisión Informativa de Facenda, de data 24 de abril de 2007, sobre moción conxunta de BNG, PSdeG-PSOE e EU-IU a prol dun dominio galego.

A Comisión Informativa de Facenda, en votación ordinaria, por maioría de cinco votos a favor (3 BNG, 1 PsdeG -PSOE e 1 EU-IU), ditamina propoñer ao Pleno, para o seu debate e votación, a seguinte moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O .gal é o dominio que debe corresponderlle á comunidade galega, como comunidade con fortes vencellos (lingüísticos, culturais, históricos, sociais). A proposta encádrase nos dominios de primeiro nivel sponsorizados e é a que defende a Asociación PuntoGal e as entidades que integra.

A proposta do .gal non invalida en ningún caso a proposta dun dominio xeográfico de dúas letras (.gz, por exemplo). Para optar a estes dominios é preciso ser un Estado recoñecido polas Nacións Unidas ou algunha das súas axencias. Tamén é aplicábel a Estados que formen parte da Corte Penal Internacional.

A creación do barrio catalán, o .cat, serve de exemplo próximo e recente para as aspiracións do .gal. O seu primeiro dominio, estreado xusto antes do Nadal, www.domini.cat, foi creado pola Fundació puntCat, encargada de xestionar a súa concesión. "Un dominio que servirá para salientar a nivel global a existencia da nosa lingua e cultura", afirman na web, "un feito excepcional do cal podemos estar lexitimamente orgullosos".

Para acadar este dominio foi fundamental a suma de todas as vontades da sociedade civil, empresarial, así como das autoridades catalanas. Concellos, asociacións culturais, fundacións, empresas, entidades deportivas, persoas de toda condicións sumáronse cunha única voz a un proxecto avalado sen fisuras polas institucións.

A unión e a forza da proposta fixo que o .cat fose o primeiro recoñecido mundialmente, feito que ademais abriu a porta para o .gal, entre outros. É preciso lembrar, finalmente, que o propio Estado español, que foi consultado pola ICANN antes de outogar o dominio, deu o seu visto e praxe.

Por estes motivos, propoñemos as seguintes propostas de resolución:

- 1.- Que o Concello manifeste publicamente o seu apoio á campaña a prol do dominio galego .gal.
- 2.- Que o Concello solicite a súa adhesión ao proxecto Puntogal.
- 3.- Que o Concello proceda a incluír un banner de apoio á campaña a prol do dominio galego na páxina web fenecidadan.net
- 4.- Que o Concello promova a adhesión do movemento asociativo fenés á campaña a prol do dominio galego.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Permy Martínez quen, unha vez concedido manifesta que o tema que se trae aquí é simplemente un apoio que se da ao grupo de veciños e veciñas de toda Galicia que están en prol de que se poña o dominio .gal, hai unha cuestión importante e é que dende finais do ano pasado os cataláns conseguiron tamén o seu .cat e cren que ese dominio é importantísimo á hora de potenciar e de identificarnos nas redes da tecnoloxía e pensan que é importante que Galicia conte con ese dominio e non vai ser contradictorio co dominio oficial tanto do Estado como de organizacións, simplemente é

unha maneira de vernos reflectidos na rede como nosa identificación, e piden que o Concello faga unha campaña importante de apoio ao .gal, iso sería importantísimo para todos e así mesmo que o Concello se adhira aos grupos de traballo que traballan neste eido, hai un acordo dos grupos municipais do BNG, PSOE e EU de traer esta proposta.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que queren explicar o apoio do Partido socialista nesta iniciativa, dende o inicio da democracia todas as institucións públicas de Galicia, tanto concellos como deputacións como a Xunta de Galicia un dos obxectivos que se plantexaron e que ademais figura así no estatuto de autonomía e nas leis é precisamente a protección, a difusión e promoción da cultura e da lingua galega, ademais cre que é algo aceptado ao marxe de ideoloxías políticas e do partido que en cada caso governe, e iso é simplemente un avance mais nun novo medio que é internet que non existía a principios da democracia e que estase espallando cada vez mais, no que a cultura galega ten tamén unha presenza importante e baixo o seu punto de vista é un xeito mais de afianzar e de protexer dende as institucións públicas a difusión da nosa cultura e do noso país no mundo da rede, hai o precedente catalán co .cat polo tanto non debería ser difícil que Galicia acadase isto tamén como no caso de Cataluña para páxina que se enmarquen nese ámbito cultural, lingüístico e de difusión da cultura, polo tanto votarán a favor como sempre o fan con iniciativas deste tipo.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Fornos Corral quen, unha vez concedido manifesta que o seu grupo tamén vai votar a favor aínda que non se lles tivo en conta, pero que xa están acostumadas despois de catro anos e esperan que para a próxima se lles teña en conta, porque xa ven como vai ser a forma de gobernar de aquí para adiante.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que cando se presentou no seu momento non viron inconveniente e non quere estenderse mais, naquel momento xa dixeron que si e en todo caso incluír ao PP na moción si se estima xa que pola súa parte non hai inconveniente e encantados de que se inclúan.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez quen, unha vez concedido manifesta que si o PP se quere sumar a esta proposta non hai ningún problema, a cuestión é que hai trámites e que temos que ser un pouco serios tamén, é dicir, esta proposta se levou a unha comisión informativa de facenda á que o PP non asistiu, pero si se lles mandou información sobre o tema, simplemente con que o PP se sumara non había ningún problema, non obstante, neste pleno, vólvese a refundir o tema e si o PP quere apoiálo non hai problema.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que eles como asinantes da moción, primeiramente agradecerlle ao grupo popular que dea por descontado que dentro de quince días o grupo socialista estará no goberno de Fene, en calquera caso como asinante da moción recalcar o que dicía tanto EU como o BNG esta moción presentouse nunha comisión na que faláron entre os grupos e na que o Partido Popular non estaba, pero como asinante da moción dende o grupo socialista tampouco teñen ningún problema en que se refunda agora e se sume o Partido Popular, encantados.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda coa emenda de que se refunda a moción e que a mesma sexa conxunta de tódolos grupos que compoñen a Corporación, BNG, PSdeG-PSOE, P.P. e EU-IU, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 25 de Abril de 2007 anteriormente transcrito e que sexa MOCIÓN CONXUNTA DO BNG; PSdeG-PSOE; P.P. e EU-IU A PROL DUN DOMINIO GALEGO.

5º.- MOCIÓN URXENTES.- Non se presentaron.

6º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Dáse conta das Resolucóns da Alcaldía comprendidas entre os números 283 do 9 de Abril de 2007 e a número 374 do 26 de Abril de 2007.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que ten un rogo que é reiterativo de varias sesións plenarias pero como non se cumpre e parece que non se lles fai caso volven a traelo a Pleno que é que o grupo de goberno controle as obras, especialmente as grandes que estanse a facer no Concello de Fene, especialmente nas parroquias de Fene e Perlio para que como di a normativa no exterior, visibles dende a rúa figure o panel correspondente co número de licenza, o período de execución e tódolos detalles técnicos que teñen que figurar alí, igual que se fai cun particular que cando amaña ou constrúe unha vivenda que todos podamos coñecer os detalles desa obra, en concreto unha das obras que estase a facer na estrada da Fraga nos primeiros pasos de levantamento desa obra, hai unha queixa dos veciños porque nesa obra están entrando e saíndo camións constantemente transportando terra e co tempo seco que hai, esa terra, tanto a que vai nas rodas como a que vai enriba sen cubrir, está quedando tanto no trozo da obra da ctra. Da Fraga e a Avda. Marqués de Figueroa, como pola propia Avda. Marqués de Figueroa por unha banda a rúa está sucia, cando chove fai lama e se non chove fai vento e anda a terra purulando ensuciando todo o mobiliario urbano e molestado ás persoas que van pola rúa e aos vehículos que están aparcados ou que circulan pola mesma, polo tanto rogarlle ao grupo de goberno que tome algunha medida nese sentido para que a obra se faga respectando as condicións de vida saudable dos veciños e veciñas. Tamén quere lembrar, aínda que este é o último pleno ordinario desta lexislatura e quedará para o novo goberno supón, pero lembrar que no Concello de Fene temos aprobada dende hai dous anos aproximadamente, unha moción para recollida selectiva de aceites domésticos usados e xa non fala da moción que está aprobada para implantar en Fene unha axenda 21 local, pero o tema dos aceites é certo que están recibindo constantemente demandas e queixas dos veciños que na súa casa concienciados cunha política de reciclaxe e de separación de residuos, están separando os aceites pero á hora da verdade en Fene non hai un contenedor como teñen noutros concellos para recoller eses aceites usados, polo tanto a súa aspiración é facer a axenda 21 local, facer un punto limpo, poñer contenedores de recollida selectiva en todas as parroquias do concello, pero mentres tanto que poida haber un sitio onde se poidan depositar eses aceites que ademais é un dos residuos que mais contamina a auga agora que estase a falar do saneamento da ría, non estaría de mais esta infraestrutura. Tamén o último rogo ten que ver co período electoral no que oficialmente estarase dentro dunha semana pero que de facto están practicamente inmersos, e é que estes días o concello de Fene comunicaba á Xunta electoral de zona de Ferrol os espazos dispoñibles para que as distintas forzas políticas puidesen ubicar a súa propaganda e carteis, e fundamentalmente a propaganda que todas as formacións política tradicionalmente ubican nas farolas, as bandeirolas, os paneis, e no día de hoxe viron xa o despregamento mediático e propagandístico do BNG co seu candidato colgado xa polas Avdas. principais de Fene pero quere lembrar simplemente que o Concello de Fene díxolle á Xunta electoral que os partidos políticos tiñan á súa disposición para colocar esa propaganda a Avda. das Pias, Marqués de

Figuroa e Avda. Naturais e nesas avenidas non queda unha farola libre porque están todas coa propaganda electoral, e quere pedirlle ao grupo de goberno que entenda que neste Concello hai mais formacións políticas que se presentan a estas eleccións, que teñen material, propaganda, que tamén lles gusta facer propaganda electoral e que polo tanto se respecte uns mínimos de convivencia electoral entre tódalas formacións políticas, e por outra banda se fai normalmente no concello de Fene.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Martínez González, quen unha vez concedido manifesta que o de colgar ao Alcalde, noutras eleccións colgaron a outros que pretendían ser Alcaldes antes do BNG, pero o seu tema é o dos aceites e quere dicirlle ao voceiro do PSOE que si por algo se caracteriza o Concello de Fene foi pola reciclaxe, de feito saíron na información que lles manda tanto Sogama como o medios que teñen a responsabilidade da recollida en Fene e na recollida selectiva está como un dos mellores concellos de toda Galicia, que leva menos impropios nos seus contenedores, están nun 12 ou 14% nada mais, cando outros están no 30, 50 e algún no 100% que non reciclan nada. De todos xeitos en Fene aínda que non temos punto limpo e que está en marcha, que estase co proxecto, e sufrimos esa discriminación por parte das institucións supramunicipais durante moitos anos, vaise facer o punto limpo, a Corporación que saia teno fácil porque xa o ten en marcha. Na práctica case temos un punto limpo porque si algún veciño quere tirar un pouco de escombros porque fixo unha obra pequena na casa, hai un contenedor na nave onde se pode tirar o escombros. Si un veciño ten aceite do coche, hai un recipiente, un depósito grande na nave onde se pode levar o aceite, ela mesma leva o aceite da cociña á nave, e como ela moitos mais veciños saben que hai un depósito de aceite para que os veciños a depositen na nave, logo ven protección medioambiental e o recolle, as pilas se traen ao Concello, non sabe cantos concellos, cos habitantes que ten Fene, porque son poucos para pagar porque son quince mil pero teñen os servizos de trinta mil e os teñen que asumir e pensa que o Concello de Fene pode ter moitos defectos, pero si falta ás veces educación para depositar os mobles onde os hai que depositar e non tiralos á rúa como si fora a horta da casa ou a do veciño, si falta un pouco de civismo en canto ao tema da chatarra que o que mais custou poñer ao día e todo porque ao mellor empezouse mal, empezou recollendo o Concello dunha maneira altruísta e como daquela había onde botalo se recollía mais fácil, agora custa mais caro entrar, primeiro porque era un teléfono móbil e custaba, agora é gratis pero sigue habendo problemas, pero espera que algún día a xente de Fene que seguro que si lle cobraran por retirar ao mellor atendían mellor, porque hoxe aprendese a conducir cunha multa e co lixo o problema é que non se ve cando se tira, pero no resto cre que hai un bo servizo e os veciños de Fene tamén colaboran ben, agás nese punto.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín, quen unha vez concedido manifesta que simplemente quere engadir unha cousa ao que dixo a compañeira anterior e en todo caso dille ao voceiro do PSOE que Fene se non ten punto limpo, primeiro que analice porqué e se vai atopar cunha sorpresa, que si Fene non ten punto limpo é porque Sepes non da cedido o terreo que ten que ceder, que ademais ten o compromiso de vendelo a metade de prezo dende hai moito tempo, e é curioso, a Xunta de Galicia e en concreto a Consellería de Medio Ambiente que é do PSOE hai moito tempo que está urxindo ao Concello de Fene que poña a disposición deles a parcela para facer o punto, pero o problema o ten Sepes que nin fai nin deixa facer, e iso o sabe o voceiro do PSOE e o saben todos os que están nesta sala. En canto á obra da Fraga pode garantir aquí que estase facendo con todas as da lei, teñen licenza, teñen todo legal, teñen un valado, está todo perfecto e si algunha cousa ou molestia hai para os veciños hai unha Policía que é a que ten que controlar esas cousas e si nese caso ese veciño se sente molesto pois ten dúas vías, dar as queixas á oposición ou ao goberno ou á Policía que é obra deles, e repite que está legal en todos os conceptos, non está incumprindo ningún tipo de lei. No tema das licenzas das obras xa o dixo mais veces e o

segue a dicir, lle encargou á policía hai tempo que lle dixera cales son as obras sen o cartel colgado e pode garantir aquí que non hai ningunha obra en Fene, nin grande nin pequena que non se adapte plenamente ao Plan Xeral de Ordenación Municipal e pode haber algunha que cando pasara a policía estivera sen o cartel colgado pero repite que polo menos que teña el constancia que non hai ningunha obra grande que non se adapte plenamente ao Plan Xeral de Ordenación Municipal.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que pensa que na súa intervención non falou de punto limpo, en todo caso o punto limpo oxalá estivese mañá mesmo e polo que sabe a Sepes tampouco ten especial problema en que o punto limpo esté en Vilar do Colo, pero o único que pedía no seu rogo era un contenedor para reciclar aceites, que hai un depósito na nave do Concello que algún veciño saberá que existe pero a inmensa maioría non o sabe e seguro que coincidirán con el que o depósito da nave do Concello pensado para outros fins non sexa quizás o mais axeitado. Con respecto ás obras tampouco cre que dixera na súa intervención e tampouco vai afirmar o contrario pero o único que dixo é que había un problema de que non estaban os paneis informando das licenzas e das características técnicas de cada obra e un problema concreto de terra na Avda. da Fraga, non dixo que esa obra fose ilegal ou que non se axustase ao planeamento nin nada polo estilo, iso sae aquí no pleno e haberá que ver si é así ou non, hai obras nas si teñen serias dúbidas como xa dixeron no seu momento, e para rematar o que dicía a Sra. Martínez González, non sabe si na súa intervención dixo que o alcalde estaba colgado das farolas, pode que se lle escapase, en todo caso si o dixo o retira e o que dí é que está colgada a publicidade do BNG.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Fornos Corral quen, unha vez concedido sinala que está de acordo en canto á publicidade co que dixo o voceiro do PSOE, no resto non vai entrar porque aquí o único que se fai é pasar a pelota uns a outros e uns por outros, a casa sen varrer. Quere facer un rogo que lle parece que dixo nalgunha outra ocasión, que ao fondo das vivendas sindicais de Perlio nesa calle transversas hai unha pequena parcela que hai un despezo alí por chamalo dalgunha maneira e o único que hai é ratas, moscas, e cre que hai que facerllo limpar ao dono ou a quen ten aquilo alí.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta como vai ser o último pleno vai facer un rogo porque senón sería para a comisión correspondente e trátase de que en Piñeiros hai un lavadoiro onde está o parque pequeno que encheuse de fango e os veciños o utilizaban e facía falla que se pasara por alí e limpalo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que normalmente agora en maio é cando se empeza coa limpeza xeral dos lavadoiros e se limpan todos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezaioito horas e corenta minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Vº e praxe,
Alcalde-presidente

A secretaria acctal.,

Asdo. Xosé Mª Rivera Armoso.

Asdo.: María del Pilar Acebes Ruano.